

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000043.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércres**, día **11 de outubro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA INCREMENTAR O NÚMERO DE VIVENDAS PASANDO DE 14 A 16, COMO MODIFICACIÓN DE PROXECTO CON LICENZA URBANÍSTICA NÚMERO 291/2019 PARA REMATE E REFORMA DAS OBRAS DE EDIFICIO EN CONSTRUCCIÓN CON LICENCIA 899/06, (RONDA MURALLA 49) CON AMPLIACIÓN EN SOLAR COLINDANTE (RÚA NICÓMEDES PASTOR DÍAZ Nº 2,4 SITA NA RONDA MURALLA, 49, E RÚA NICÓMEDES PASTOR DÍAZ, 2 E 4, (Expte: 2022/Y001/000039).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA INSTALACIÓN DE DISTRIBUCIÓN A POLO MIÚDO DE PRODUTOS PETROLÍFEROS, EN RÉXIME DESATENDIDO, CON TRES SURTIDORES QUE CONTAN CADA UN CON DOUS DISPENSADORES PARA GASÓLEO E DOUS PARA GASOLINA 95, NA RÚA DO ARCO, ESQUINA ESTRADA N-VI, (Expte: 2020/Y001/000230).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE COCIÑA EXISTENTE E SUPRESIÓN DUN OCO (VENTÁ) DA ESTANCIA PRINCIPAL EN VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE PLANTA BAIXA CON LICENZA PROCEDIMENTO 2020/Y001/000033, NO NÚCLEO RURAL DE MAZOI, PARROQUIA DE MAZOI, (Expte: 2023/Y001/000226).

4. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR AISLADA DE PLANTA BAIXA E PARCIALMENTE DE PLANTA ALTA, NO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE MAZOI, PARROQUIA DE SANTALLA DE MAZOI, - (Expte: 2022/Y001/000072).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PARA O CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXPTE REF 2023/C003/000030.

6. CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NOS CENTROS PÚBLICOS DE INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 2021-C003-000032. 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 14-11-2023 ATA 15-11-2024.

7. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E NO CENTRO INTERXENERACIONAL PACO MARTIN . EXP REF 2022/C003/000037. PROPOSTA DE ADXUDICACION.

8. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS NA RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DE A ADQUISIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN POLICIAL INTEGRAL PARA UTILIZACIÓN DA POLICÍA LOCAL DENTRO DA ESTRATÉXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (EDUSI) "MURAMIÑAE: DE LA MURALLA AL MIÑO", COFINANCIABLE E UN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO PLURREXIONAL DE ESPAÑA FEDER 2014-2020. EXP REF. 2023/C004/000027.

9. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIABLE (EXP. REF. 2019-067) TECOL 2020/C004/000003. TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2023 ATA O

DÍA 15 DE OCTUBRO DE 2024.

PERSOAL

10. RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NO ACORDO 31/598 APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A (GRUPO AP-AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS) DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2020).

11. PROPOSTA DE RENOVACIÓN DOS/AS MEMBROS DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

FOMENTO

12. ADDENDA CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE LUGO FRISAQUES ARDE LUCUS 2023.

13. CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DUNHA ACTIVIDADE, NA QUE CONFLÚEN OS RESPECTIVOS TÍTULOS COMPETENCIAIS, PARA O FIN COMÚN DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL.

FACENDA LOCAL

14. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA EN SAN XILLAO DE BOCAMAOS.

INSPECCIÓN TRIBUTARIA

15. PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PLAN DE CONTROL TRIBUTARIO FORMULADA POLA XEFA DO SERVIZO DE INSPECCIÓN E POLA TESOUREIRA E TITULAR DO ÓRGANO DE XESTIÓN ECONÓMICA-FINANZEIRA DO CONCELLO DE LUGO PARA A ANUALIDADE 2023/2024.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

SERVIZOS SOCIAIS

16. APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA PÚBLICA DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A ONGS. CONVOCATORIA ANO 2023.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,